

A crítica literaria galega realizada por mulleres

Gostaría de que a crítica literaria galega posibilitase perspectivas multiposicionais simultáneas que evidenciasen a inoperatividade dos procesos de monolitización do (anti)pensamento redutor patriarcal. Lamentablemente o patriarcado oprime na crítica do mesmo xeito que nos restantes planos sociais. Despois de realizar un inquérito entre o/as máis coñecido/as e recoñecido/as crítico/as literarias deste país chegamos ás seguintes conclusións.

Non se exerce unha crítica negativa, en xeral, dado que esta fica unida ás propias filias e fobias do crítico ou crítica xunto coas súas relacións persoais. Salientar que falamos de literatura nun país e nunha realidade lingüística concretas. Por unha parte un país onde apenas se lé e onde o noso idioma está absolutamente minorizado.

Destacamos tamén a escasa presenza dunha crítica académica fronte á apuntada como a crítica situada nas marxes.

Na nosa crítica as obras que tratan as cuestións de xénero padecen na maioría dos casos dun «machismo brando» sempre situado dentro do contexto da sociedade patricarcal que relega á muller a ocupar espazos menos visibles. Salientamos a aparición de crítica específica trala aparición de *A Segra* que ven a cubrir un baleiro no que se refire ao tratamento da literatura de xénero.

Somos tamén todos e todas nós a primeira barreira que debemos superar no camiño de acadar unha sociedade máis libre e igualitaria.